

Servizo de Control de Riscos Ambientais
N / ref SSF / meca/ AL-102-25

Director / Xerente
RAIOLA SAPM SL

A directora territorial de Sanidade da Coruña, en virtude das funcións atribuídas no Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade,

APERCÍBESELLE

Para que emende as seguintes non conformidades detectadas na RESIDENCIA RAIOLA SAN MARCOS situada na Rúa Costa de San Marcos, 24 no Concello de Santiago de Compostela o día 27.05.2025 e reflectidas na acta de inspección número C557933, referidas ás instalacións con risco de propagar a Legionella :

1. O Plan de Prevención e Control de Legionella (PPCL) que presentan non está completo, por exemplo:
 - Non se identifica á persoa responsable técnica deste.
 - Nos programas de mantemento, revisión e no de tratamento non se contempla a instalación de auga fría de consumo humano.
 - O plano / esquema non ten identificados os puntos de toma de mostra nin os puntos de posible emisión de aerosois.
 - Figura que a instalación ten 75 cuartos húmidos, dos cales 55 son habitacións e, no plan de mostraxe, indica recollida de 4 puntos terminais de auga quente. Faltaría indicar que a recollida de 2 puntos terminais no circuíto de auga fría.

2. Non se cumpre o programa de formación descrito no PPCL xa que no punto 2.3 da páxina 2 deste (Edición: xaneiro 2023) indícase que a formación será anual e o último e único rexistro da formación data do 12.04.2024.

3. Non cumpren o plan de mostraxe indicado no seu PPCL que, ademais, como se indicou arriba, non se adapta á normativa. Recollen mostra en 3 puntos terminais do circuíto de auga quente e nun punto terminal do circuíto de auga fría.

Deberá adoptar as medidas necesarias para corrixir as anteriores non conformidades e presentar ante este Departamento Territorial a documentación que o acredite.

Estas non conformidades, de non ser emendadas no **prazo de 20 días**, poderán ser sancionadas segundo a normativa vixente, para o que este Departamento Territorial poderá incoar o correspondente expediente sancionador.

Recórdaselle que a lexislación básica vixente para a prevención e control da lexionelose nas súas instalacións é a seguinte:

- Real Decreto 487/2022, de 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e control da lexionelose (BOE nº 148, mércores 22 de xuño de 2022).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A directora territorial

Por delegación de sinatura (Resolución do 04.07.2024)

O xefe do Servizo de Control de Riscos Ambientais

